

“Belén é Begonte”

Chega o Nadal,
canda seu manto abrancazado
e o pixama de estrelas
das noites de xeadas.

Chega...
abrigado de chemineas,
ateigado de versos
e de luces escintilando
nos ceos de purpurina.

Chega o Nadal,
co inverno de brancos lirios,
de folerpas e anxos,
de grilandas e aguinaldos
de bufandas e luvas,
de algaradas e aleluias.

Chega o advento
e o carouxo aniña,
nas cunetas lazadas
das vellas estradas
que me levan
de volta á casa...
á terra da miña nai.

Chega o Nadal
e o Belén agarda en Begonte
no coche soan panxoliñas:
Fuxan os ventos, Berrogüeto;
ceiban retrousos,
dende o casete
ata o universo.

Diante dos ollos
a paisaxe chairega
agarima a retina.
Casas de pedra
tellas de lousa,
o paso a nivel
fende o son do ferrocarril,
nas ourelas do Ladra,
braman as vacas nos eidos:
cartografía da morriña.

Chega o Nadal
e os meus ollos infantés
prenden coma fachos
no medio da noite
que alumean poesía.
A estrela de Oriente,
guía aos Reis Magos.
Camiñan paseniño
cara o norte:
onde Belén é Begonte.

Chega o Nadal
e as pontes de madeira,
silveiras e matogueiras,
lavandeiras no río,
pescadores e as troitas,
afiadores e carpinteiros,
labregos e xornaleiros...
saben xa da boa nova.

Zanfonas e gaitas,
tamboriles e pandeiretas
resoan nas montañas
ergueitas de acivros,
alfombradas de musgo,
de cristas nevadas.
O vento danza un agarrado
coas lombas da chaira,
o fol do vento
fai soprar unha muiñeira:
para celebrar o nacemento.

Chega o Nadal
e por quen chaman as estrelas
que como muxicas rebuldeiras
celebran o milagre da vida?

Levádelle ao neno
levade cantigas,
Levádelle ao neno
levade poesía:
que as palabras de paz
fan no mundo entendemento.

Xa se ve dende Penas de Rodas,
xa se albisca no horizonte,
anubrado de desvelos,
aló por onde a Chá
se abre ao mundo,
a través dunha xanela...de ilusión.
Mirade: é o Belén de Begonte!

O castelo de Herodes,
carreiros de outeiros,
lanzas e escudos,
soldados romanos.

Rinchan os cabalos,
cantan os galos
lóstregos e tronos,
após o trebón:
dourados anxos.

Chega o Nadal,
e xa non son ese neno,
mais aínda o corazón
éncheseme...
dos albores da chaira
dos cantares labregos
de verbas arteiras
de ventura e sosego.
Levádelle ao neno
levade cantigas,
levádelle versos:
en arteiras melodías.

Chega o Nadal
e o meu corazón
da chimpos
ao entrar no centro cultural
e perder a vista
no infindo azulado
de coruscantes estrelas.

En cada movemento electrónico
asoma un verso
mecánico pero sentido,
coa emoción
da pequena aldea
que recibe
cos brazos abertos
a chegada do redentor.

Chega o Nadal
e a mirada olla en fite
pérdese nos movementos
dos alfareiros e panadeiras,
dos ferreiros e lavandeiras
do tecelán e ourives,
nos oficios da aldea
que unha vez foron soñados en Begonte
e no trotar cachaceiro dos Reis Magos,
seguindo a estela máxica
que no ceo arredan os soños.

Chega o Nadal,
celme dos bos desexos
oxalá paz para Palestina,
oxalá nin unha menos,
oxalá menos odio,
oxalá menos conflitos,
oxalá menos racismo.
Levádelle ao neno
levade cantigas
de saudade e poesía.

Chega o Nadal
e pode que xa non sexa un rapaz
de ollar impaciente
agardando agasallos
que espertan baixo a árbore,
mais aínda agardo con impaciencia
a que chegue o Nadal
para volver a prender a mirada
cativa e cativada
no ronsel arredado pola maxia.
Alí: onde Belén é Begonte.